

TEMA 5: EZEQUIEL

O sufrimento: un lugar privilexiado para o encontro co Señor

Ez 37,1-14

“Ósos secos, escoitade a palabra do Señor!”



Ambientación

Dispoñémonos a escoitar a palabra de Deus. Facémonos conscientes de que, unha vez máis, Deus quere dialogar connosco. Podemos comezar rezando xuntos o **Salmo 20 (19)** e invocando a forza do Espírito Santo que nos axude a comprender e a transformar en vida o que escoitamos e meditamos.

Que te escoite o Señor na hora do apuro,
que te protexa o Deus de Xacob;
que do santuario che mande socorro,
que te sosteña desde Sión.

Lembre as túas ofrendas,
gústenlle os teus sacrificios;
outórgueche o que queres,
cumpra os teus proxectos.

Que poidamos nós festexar a túa vitoria
e no nome do noso Deus erguer as bandeiras:
outórgueche o Señor canto lle pidas.

Xa sei que o Señor lle dá a vitoria ó seu unxido,
que lle responde desde o seu ceo santo
coa forza liberadora da súa dereita.

Uns confían nos seus carros, outros na súa cabalería;
pero nós invocamos o Señor, noso Deus.

Abanéanse eles e caen,

mentres nosoutros nos erguemos e quedamos en pé.

Dálle, Señor, a vitoria ó rei,
escóitanos, cando te chamamos.

Antes de comezar buscamos **Ez 37,1-14.**

Miramos a nosa vida

Os medios de comunicación introducen nas nosas casas situacións de dor extrema: persoas "nos ósos", castigadas pola fame; pobos esnaquizados polas guerras, polos terremotos ou polo afán egoísta de poder... Ao noso redor tamén se producen situacións de gran sufrimento: o paro, familias rotas, persoas sen fogar... Coñecemos moi de preto xente a quen a depresión ou os problemas fanos parecer "mortos viventes".

- *Fagamos un relato das últimas noticias do mundo. Hai algunha especialmente preocupante?*
- *Na túa contorna familiar hai algo que che preocupe especialmente?*
- *Cal é a nosa reacción diante da dor no mundo? E diante do sufrimento propio ou o dos nosos?*
- *Fronte a estas situacións, que ou quen me axuda a non perder a esperanza?*

Escoitamos a Palabra de Deus

O pobo de Israel estaba a sufrir o exilio. A incerteza polo ocorrido estaba a deixar paso á desesperanza. Neste contexto de sufrimento, Ezequiel, de parte do Señor, ofrece unha palabra de alento. É un dos textos máis coñecidos do profeta. Deixémonos impactar pola forza das súas imaxes e a expresividade dos símbolos. Deteñámonos sen présas en todos os detalles que chamen a nosa atención. Imaxinémonos presentes no val dos ósos secos. Miremos e escoitemos o que sucede.

- Para acoller mellor a palabra de Deus preparámonos cuns **momentos de silencio**. Facémonos conscientes de que o Señor quere transmitirnos algo importante.
- Proclamación de **Ez 37,1-14**.

¹A man do Señor pousou sobre min e fíxome saír coa forza do seu espírito, e púxome no medio do val, que estaba cheo de ósos. ²Fíxome pasar ante eles dando voltas: e velaí que había moitísimos sobre a superficie do val, e estaban totalmente resecos. ³Entón díxome: «Fillo de Adam, ¿poderán revivir estes ósos?». Eu repuxen: «Señor, Iavé, ti sábelo». ⁴Logo díxome: «Pronuncia un oráculo sobre estes ósos e dilles: "Osos resecos, escoitade a palabra do Señor :⁵Así lles fala o meu Señor, Iavé, a estes ósos: Velaí: vou traer sobre vós o alento e reviviredes.⁶Porei sobre vós tendóns e farei que criedes carne; cubrirei vós con pel, porei

en vós o alento, e reviviredes. Entón recoñeceredes que eu son o Señor”».

⁷Eu pronunciei o oráculo tal como se me mandara; e mentres eu pronunciaba o oráculo, houbo un trono e logo un terremoto, e os ósos xuntáronse cada un co seu compañeiro. ⁸Logo ollei e vin que sobre eles había tendóns, a carne ía medrando e a pel íaselles estendendo por riba. Pero non había neles alento. ⁹Logo díxome: «Pronúncialle un oráculo ó espírito, pronúnciao, fillo de Adam, e dille ó espírito:”Así fala o meu Señor, Iavé: Desde os catro ventos, vén, espírito, e sopra nestes cadáveres, para que revivan”». *¹⁰Eu pronunciei o oráculo, conforme me mandara. Entón o espírito entrou neles, e reviviron, e tíñanse de pé sobre as súas pernas: era un exército enormemente grande. ¹¹Entón díxome: «Fillo de Adam, estes ósos son a Casa de Israel enteira. Velaí o que din: “os nosos ósos están resecos, a nosa esperanza está perdida; estamos esnaquizados”. ¹²Por iso profetiza e dilles: “así fala o meu Señor, Iavé: Velaí que eu vou abrir as vosas sepulturas, e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo, e vouvos levar á terra de Israel.*

¹³Recoñeceredes que eu son o Señor, cando eu abra as vosas sepulturas, e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo. ¹⁴Vou poñer en vós o meu espírito e vouvos facer revivir na vosa terra. Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago -é o Señor quen fala -».

- Cada un volve ler persoalmente a pasaxe e tenta comprender o que di, axudado das notas da súa Biblia.

- Todos xuntos tratamos de responder ás seguintes preguntas:

- *Por que Ezequiel usa a imaxe dos ósos secos? Que está a describir con ela?*
- *De que maneira se produce a transformación dos ósos en seres viventes? Que pasos se dan?*
- *Quen ou quen fan posible esa transformación tan radical?*

Volvemos sobre a nosa vida

Ezequiel falaba aos exiliados de Israel sumidos no desalento. Pero as súas palabras non son como aqueles ósos secos, incapaces por si mesmos de cobrar vida. Ao contrario, están cheas do Espírito do Señor e poden seguir falándonos hoxe, aquí, na nosa situación actual. Imos seguir conversando a partir das seguintes preguntas:

- *En que situacións do noso mundo actual este texto de Ezequiel podería resoar con vixencia e actualidade? Tratade de poñer exemplos concretos.*
- *Como podo comprometerme e ser a voz de Deus que poña de pé a tantos "ósos secos"?*

Oración

Movidos polo Espírito Santo, que é capaz de sacar vida da morte, presentemos ao Señor a nosa oración a partir do que lemos e meditamos.

- Lemos de novo a pasaxe bíblica **Ez 37,1-14**.
- Cada un ora persoalmente a partir do que a pasaxe da Escritura suxírelle dicir a Deus. A súa pregaría pode ser tamén unha petición de luz e forza para saber poñer en práctica a invitación que o Señor lle fai.
- Cada participante pode expresar en voz alta unha breve pregaría reflexo da súa oración ao Señor.
- Podemos terminar o encontro cun canto apropiado. Tamén podemos acabar lendo **1Cor 13,1-13**, lembrando que o Señor deu vida ao seu pobo e regaloulle un corazón grande, un corazón capaz de amar. Ese amor é un agasallo e un compromiso para dar esperanza ao sufrimento dos nosos irmáns.

¹Por moito que eu falase as linguas todas dos homes e as dos anxos, se non tiver amor, non sería máis ca un bronce que resoa ou un pandeiro que repenica. ²Por moito que eu falase inspirado e comprendese todos os misterios e mais toda a ciencia e tivese tanta fe que movese os montes, se non tiver amor, non sería nada. ³Por moito que eu reparta todo o que teño e me deixe queimar vivo, se non tiver amor,

non me sería de proveito ningún.⁴O amor é de corazón grande, é servizal. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; ⁵non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; ⁶non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. ⁷Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.⁸O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. ⁹Porque a nosa ciencia é limitada e limitada é a nosa inspiración: ¹⁰e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado. ¹¹Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno. ¹²Igualmente: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min. ¹³En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

Para o guía ou membros do grupo que queiran profundizar un pouco máis no tema: Francesc Ramis Darder, Ha hablado el Dios de la Vida, Verbo Divino (Estella-2002) px. 127 a 139.